



## NOTIFICACIÓN

Para dar cumprimento ao disposto no artigo 40 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas notifícolle que polo Sr. Alcalde ditouse o Decreto Nº 2021001313 de data 26/03/2021 e do que se da orde a esta Secretaría para que proceda á notificación a tódolos interesados:

### “Plan Anual Normativo

Dando conformidade ao artigo 132 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o pasado 24 de febreiro solicitouse aos distintos departamentos municipais a relación das propostas das ordenanzas e regulamentos que tiñan pensado aprobar durante o ano 2021.

Pola área económica trasladouse a relación de ordenanzas fiscais que se pretenden aprobar durante este ano.

Visto o Informe emitido pola Secretaria Accidental o día 25 de marzo do 2021 que se transcribe:

“...En relación co expediente relativo á aprobación do Plan Anual Normativo deste Concello, en cumprimento da orde da Alcaldía emito o seguinte informe-proposta de resolución, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, con base aos seguintes,

### ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. Con data 25 de marzo de 2021, iniciouse pola Alcaldía expediente para levar a cabo a aprobación do Plan Anual Normativo deste Concello.

SEGUNDO. Con data 24 de febreiro de 2021, recibíuse a última relación do Plan Anual Normativo municipal realizada polos servizos técnicos municipais (por departamento)

### LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable é a seguinte:

- O artigo 132 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- O artigo 25 da Lei 50/1997, de 27 de novembro, do Goberno *[en todo aquilo que sexa adaptable á Administración Local]*.
- O artigo 21. 1 s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Alcalde da Corporación de acordo co



artigo 22.1 s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; dado que a Lei de Procedemento das administracións públicas non atribúe a obriga de aprobación do Plan normativo a ningún órgano municipal, haberá que acudir a competencia residual regulada no artigo 22.1 s) que recolle como competencias do Alcalde: “Las demás que expresamente le atribuyan la leyes y aquellas que la legislación del Estado o de las comunidades autónomas asignen al municipio y no atribuyan a otros órganos municipales.”

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o que subscribe eleva a seguinte proposta de acordo:

#### INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCION

PRIMEIRO. Aprobar o Plan Anual Normativo deste Concello redactado polos distintos servizos técnicos municipais.

SEGUNDO. Publicar o presente acordo no Portal da Transparencia deste Concello co fin de que este a disposición dos interesados.

No entanto, a Corporación acordará o que estime pertinente.”

De conformidade co disposto no artigo 21.1.s) da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esta Alcaldía **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Aprobar o Plan Anual Normativo do Concello de Oleiros para o ano 2021, redactado polos seguintes servizos técnicos municipais:

#### INTERVENCION

- Ordenanza Fiscal nº 1, reguladora da Taxa por expedición de documentos administrativos.
- Ordenanza Fiscal nº 2, reguladora da Taxa por licenza de autoturismos e demais vehículos de aluguer.
- Ordenanza Fiscal nº 3, reguladora da Taxa por licenzas urbanísticas, declaracións responsables e comunicacións previas.
- Ordenanza Fiscal nº 4, reguladora da Taxa por licenza de apertura de establecemento.
- Ordenanza Fiscal nº 5, reguladora da Taxa polos servizos especiais, de extinción de incendios, emerxencias e outros análogos.
- Ordenanza Fiscal nº 6, reguladora da Taxa de cemiterio municipal.
- Ordenanza Fiscal nº 7, reguladora da Taxa de sumidoiro.
- Ordenanza Fiscal nº 8, reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributario como contraprestación pola prestación do servizo público de tratamento e depuración de augas residuais.
- Ordenanza Fiscal nº 9, reguladora da Taxa pola retirada de vehículos da vía pública e o seu traslado ao depósito municipal.



- Ordenanza Fiscal nº 10, reguladora do Imposto de bens inmobles.
- Ordenanza Fiscal nº 11, reguladora do Imposto sobre Construcións, instalacións e obras.
- Ordenanza Fiscal nº 12, reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.
- Ordenanza Fiscal nº 13, reguladora do Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.
- Ordenanza fiscal nº 14, reguladora das Contribucións especiais.
- *Ordenanza fiscal nº 15, reguladora da prestación de carácter patrimonial de carácter público non tributario pola prestación do servizo de abastecemento de domiciliario de auga potable e outras actividades conexas a este.*
- *Ordenanza fiscal nº 16, reguladora da taxa por entrada de vehículos desde a vía pública a edificacións, locais e solares e das reservas de vía pública para entrada, aparcadoiros exclusivos, carga e descarga de mercancías de calquera clase.*
- Ordenanza Fiscal nº 17, reguladora da Taxa por ocupación de terreos de uso público con mercancías, materiais de construción, escombros, valados, puntais, asnillas, andamios e outras instalacións análogas.
- *Ordenanza Fiscal nº 18, reguladora da Taxa por apertura de sondaxes ou gabias en terreos de uso público e calquera remoción do pavimento ou beirarrúas nas vías públicas.*
- Ordenanza Fiscal nº 19, reguladora da Taxa por utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais do solo, subsolo e voo da vía pública por empresas explotadoras de servizos de subministracións que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza.
- Ordenanza Fiscal nº 20, reguladora da Taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa.
- Ordenanza Fiscal nº 21, reguladora da Taxa pola utilización e prestación de servizos no mercado municipal.
- Ordenanza Fiscal nº 22, reguladora da Taxa polos servizos prestados por técnicos municipais.
- *Ordenanza Fiscal nº 23, reguladora do Imposto de Actividades Económicas.*
- *Ordenanza Fiscal nº 24, reguladora da Taxa pola utilización de inmobles e instalacións municipais deportivas.*
- Ordenanza Fiscal nº 25, reguladora do Prezo público por actividades deportivas e culturais.
- Ordenanza Fiscal nº 26, reguladora da Taxa pola utilización privativa ou polos aproveitamentos especiais constituídos no voo, solo e subsolo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras ou prestadoras de servizos de telefonía móbil que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza.



- Ordenanza Fiscal nº 27, reguladora da Taxa pola prestación de servizos urbanísticos.
- Ordenanza Fiscal nº 28, reguladora do prezo público pola prestación do servizo de venda de produtos derivados do material cartográfico municipal.
- Ordenanza Fiscal nº 29, reguladora da Taxa pola retirada de animais abandonados das vías públicas.
- Ordenanza Fiscal nº 30, reguladora da Taxa pola prestación do servizo de celebración de vodas e acollementos civís.
- Ordenanza Fiscal nº 31, reguladora da Taxa por estacionamento de vehículos de tracción mecánica nas vías públicas municipais e de regulación e control do estacionamento.
- Ordenanza Fiscal nº 32, taxa polo aproveitamento especial do dominio público local mediante caixeiros automáticos de entidades financeiras e máquinas expendedoras de produtos, instalados na fachada de establecementos e manipulables desde a vía pública.
- Ordenanza Fiscal Xeral.
- Regulamento da administración domiciliaria de auga.

**Segundo.-** Publicar o presente acordo no Portal de Transparencia deste Concello co fin de que esté a disposición dos interesados. “

O que lle notifico aos efectos oportunos

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Secretaria accidental do concello de Oleiros. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).